

SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA VINTE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DOCE.

No Concello de Láncara, sendo as doce horas do día vinte de decembro de dous mil doce, reúnese no Salón de Sesiós o Concello Pleno, para tratar dos asuntos contidos na Orde do Día, coa asistencia do Sr. Concelleiros: D. José Manuel Neira Castro, D. José Manuel Alvarez Rodríguez, D. Andres Manuel Caballero López, D. Carlos Fernández Díaz, D. Dario Antonio Piñeiro López , D. Pablo Rivera Capón , D. Oscar Rodríguez Somoza, D. José Manuel García Aldegunde e D. Carlos Santiago López Sierra.

Xustifica a súa ausencia D. Ricardo Núñez Valcárcel

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Eladio Capón López, e actúa de Secretario o titular D. José López Castro

Aberto o acto pola Presidencia, dase conta dos seguintes asuntos:

1º.-LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA TRINTA E UN DE OUTUBRO DE DOUS MIL DOCE.

2º.-DECRETOS Nº 217 A 259.

3º.-MODIFICACIÓN ORDENANZA NON FISCAL SOBRE LIMITACIÓN DE PLANTACIÓNS ARBOREAS, O SEU APROVEITAMENTO E EXPLOTACIÓN. DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA. LEY 7 DE MONTES DE GALICIA.

4º.-REAL DECRETO-LEI 20/2012, DE 13 DE XULLO, DE MEDIDAS PARA GARANTIZAR A ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA E DE FOMENTO DA COMPETITIVADE, E LEI ORGANICA 2/2012 DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA E ESTABILIDADE FINANCIERA, SUPRESIÓN DA PAGA EXTRARODINARA E ADICIONAL DO MES DE DECEMBRO DE 2012 ,PARA O PERSOAL DO SECTOR PÚBLICO.

5º.-SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 5/2012.

6º.-ROGOS E PREGUNTAS.

1º.-LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA TRINTA E UN DE OUTUBRO DE DOUS MIL DOCE.

Visto o borrador da sesión celebrada o día trinta e un de outubro de dous mil doce, este foi aprobado por unanimidade de tódolos asistentes (10 de 11).

2º.-DECRETOS Nº 217 A 259.

Vistos os decretos Nº 217 a 259, ambos inclusive.

Por parte do Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López solicita información sobre o Decreto 242, explicandoselle que se trata dunha denuncia formulada por D^a Josefina María Isabel Veloso Escudero e D. José López Villar, no Xulgado de Sarria, reclamando o camiño que vai do Cementerio parroquial de Muro ó Colexio veciñal de Muro ó consideralo como da súa propiedade. Manifestando que este asunto deberá tratarse no Pleno.

Por parte do Sr. Alcalde constestáselle que non había prazo e que xa se tratará no Pleno no seu momento.

O Pleno dase por enterado do contido dos mesmos.

3º.-MODIFICACIÓN ORDENANZA NON FISCAL SOBRE LIMITACIÓN DE PLANTACIÓNS ARBOREAS, O SEU APROVEITAMENTO E EXPLOTACIÓN. DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA. LEY 7 DE MONTES DE GALICIA.

Vista a ordenanza municipal sobre “limitación de plantacións arbóreas, o seu aproveitamento e explotación”, aprobada polo Pleno deste Concello o 27 de abril de 2005, entrando en vigor o día 14 de xullo do mesmo ano.

Visto que as distancias establecidas no artigo 2 da ordenanza son distintas as que se recollen no ANEXO II da Lei 7/2012 do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Visto que a disposición transitoria terceira da Lei de montes de Galicia establece “dende a entrada en vigor desta Lei, as ordenanzas e as disposicións aprobadas polas entidades locais que non se axusten ao disposto nela quedarían sin efecto, e dispoñen dun prazo dun ano para a súa adaptación”.

O Pleno por unanimidade (10 de 11):

ACORDOU:

1º.-Modificar o artigo 2 da ordenanza establecendo as distancias mínimas que deben respetar as novas plantación forestais tal como se fixa no ANEXO II da Lei 7/2012 de montes de Galicia, (transcribindo no artigo segundo da ordenanza os anexos I e II da citada Lei).

2º.-Facer pública está modificación a través de anuncio publicado no B.O.P.

3º.-Dar traslado deste acordo a Consellería de Medio Rural e do Mar, Delegación de Lugo, Xefatura de Montes para o seu coñecemento e efectos oportunos.

4º.-Informar das distancias das plantacións a través de Bandos da Alcaldía, así como do contido dos artigos 59,60 e 61 sobre troco de uso os veciños do Concello.

4º.-REAL DECRETO-LEI 20/2012, DE 13 DE XULLO, DE MEDIDAS PARA GARANTIZAR A ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA E DE FOMENTO DA COMPETITIVADE, E LEI ORGANICA 2/2012 DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA E ESTABILIDADE FINANCIERA, SUPRESIÓN DA PAGA EXTRARODINARA E ADICIONAL DO MES DE DECEMBRO DE 2012 ,PARA O PERSOAL DO SECTOR PÚBLICO.

Visto o Real Decreto Lei 20/2012 de 13 de xullo de medidas para garantir a estabilidade preupostaria e de fomento da competitividade, no que se suprime a paga

extraordinaria e adicional do mes de decembro de 2012, para o persoal do sector público que teña unhas retribucións mensuais superiores ao 1,5 do SMI.

Visto que a Lei 2/2012 de 29 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado, no que se conxelan os incrementos retributivos, de modo que as retribucións do persoal ao servizo do sector público, e por conseguinte deste Concello, non poden experimentar incremento ás vixentes ao 31 de decembro de 2011.

Visto que ámbalas dúas normas teñen carácter básico, polo que son de aplicación obrigatoria para as corporacións locais e para os organismos delas dependentes, e por conseguinte para esta corporación.

Visto que este Concello xa está aplicando a todo o seu persoal tanto funcionarios como persoal laboral estas dúas normas, tendo por conseguinte todo o persoal conxeladas as súas retribucións durante o ano 2012, percibindo as mesmas que percibían a 31 de decembro de 2011.

Visto que todo o persoal deste Concello que percibe máis do 1,5 do SMI, non cobrará paga extra nin adicional correspondente ao mes de decembro de 2012, nin outro suplemento que a poda substituír.

O Pleno por unanimidade dos seus asistentes (10 de 11)

ACORDOU:

PRIMEIRO

Inmovilizar, no presente exercicio económico do 2012 os créditos previstos para o abono das pagas extraordinarias e adicionais e no seu caso, a afectación destes créditos á realización de aportacións destes créditos á realización de aportacións a plans de pensións ou contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura de continxencia de xubilación, con subxección ao establecido na Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, e nos termos e co alcance que se determine nas correspondentes leis orzamentarias.

SEGUNDO

Que os conceptos retributivos incluídos na nómina do mes de decembro do presente ano non experimenten incremento en relación aos conceptos retributivos percibidos nos meses anteriores.

TERCEIRO

Dar conta deste acordo á Subdelegación do Goberno a través da correspondente certificación literal deste.

5º.-SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 5/2012.

Visto o suplemento de crédito 5/2012 para complementar a partida 0.31 do actual orzamento con 600,00 € para facer fronte ao incremento dos intereses do préstamo Nº 307000/244 6075175452, concertado coa Caixa Rural Galega de Lugo

O Pleno por maioría absoluta (6 de 11), ó votar a favor os 4 Concelleiros do P.P. asistentes o Concelleiro do CDL e o Concelleiro do BNG, e abstendose os 4 Concelleiros do PSG-PSOE.

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación ó suplemento de crédito N 5/2012, por importe de: 600,00 €, con cargo ó remanente de tesorería do ano 2011, para afrontar os intereses do préstamo de Caixa Rural, por incremento do Euribor.

2º.-Expoñelo ao público no B. O.P., polo prazo de quince días hábiles.

DECLARACIÓN DE URXENCIA:

Previa especial declaración de urxencia, feita co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros que integran a Corporación, prevista no artigo 82.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais e artigo 213 da Lei 5/1997, Lei 22 de xullo de Administración Local de Galicia, por votar a favor de dita declaración os dez Concelleiros que asistiron á sesión.

COMUNICACIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, SOBRE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL.

Vista a Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se concede este Concello, unha subvención de 5.600,18 €, para a financiación equivalente ao 19,65 % dos custos laborais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos, para a contratación de 1 Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, por o período dun ano, cos límites establecidos no artigo 4º da Orde do 26 de setembro de 2012.

O Pleno por unanimidade (10 de 11),

ACORDOU:

Darse por enterado do Contido da Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se outorga unha subvención de 5.600,18 €, 19,65 % dos custos laborais totais derivados da contratación dun Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, reducindo a cantidade solicitada de 7.124,91 €, así como a porcentaxe (25%).

6º.-ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

Por parte do Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López, fai os seguintes rogos:

1º.-Que os materiais procedentes da limpeza feita por persoal do Concello no desaugadoiro de Toldaos se retiren de donde foron depositados (xunto a parede da súa casa), o antes posible.

Contestandolle o Sr. Alcalde, que non se retirou cando se realizaron os traballos, porque estaba avariado o tractor do Concello, pero tamen calquera dos veciños puido deixar o seu, e non o fixo ninguén. Recordando que a canalización é só para augas pluviais e non para outros usos, que si se fan son ilegais.

2º.-Roga que a ponte de Toldoas, feita polo Concello, se limpe ó estar na actualidade intransitable e que o Concello cumpla a Lei de Plantacións.

PREGUNTAS:

Por parte do Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López, fai as seguintes preguntas:

1º.-Porqué se cobran taxas e impostos as obras comunitarias, por arranxar camiños públicos e facer depósitos para a auga.

Contestaselle porque así está contemplado nas respectivas ordenanzas.

2º.-Pregunta pola carta que o Señor Alcalde enviou os veciños informando sobre o canon da auga, xa que se informa mal, porque as explotacións ganderías están exentas deste canon, eponse que pagaran un canon fixo de 7,50 €, máis un canon variable de 0,005 € polo que este Concelló só ten a intención de recadar.

Por parte de Andrés Caballero López contestaselle que este escrito o redactou el e que non ten ningún afán recadatorio, senon informativo, xa que o canon é para a Xunta, que esa información era para os gandeiros que teñen o servizo como doméstico e usan a auga para vivenda e para o establo, cun só contador, que é máis do 90% dos gandeiros, polo que non entende esta polémica.

Replicando Dario A. Piñeiro López que a información é falsa e neste intre abandona a sesión.

Por parte de Andrés Caballero pon de manifesto que tiña unha pregunta para formularlle a Dario, pero como se marchou do Pleno que a formulará no próximo.

E non habendo máis asuntos que tratar dase por rematada a sesión, por orden do Sr. Alcalde, sendo as trece horas, estendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.

